

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E A NAVIERA MAR DE ONS, S.L., PARA A INTEGRACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE MARÍTIMO DO CORREDOR CANGAS-VIGO NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO

1.- Con data do 14 de marzo de 2015 a entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e os concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, O Porriño, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior asinaron o Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo.

2.- Polo ámbito no que se enmarca, o transporte marítimo goza de especial relevancia para a citada área, posto que na contorna da ría son moitos os desprazamentos que se producen por vía navegable no canto de por vía terrestre. Así, con data 16 de abril de 2015, a entón denominada, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e a empresa Naviera Mar de Ons, S.L., asinaron un convenio para a integración dos servizos de transporte marítimo entre os núcleos de Vigo e Cangas e viceversa, no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia dentro da Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

O citado convenio tiña unha vixencia inicialmente prevista ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, foi obxecto de prórroga no marco dos acordos institucionais acadados para o mantemento do servizo máis alá desta data inicial ata o 31 de decembro de 2021.

3.- Con data 27 decembro de 2021, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e os concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, O Porriño, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior, renovaron a liña de colaboración que manteñen aberta mediante a formalización, dun novo Convenio de colaboración para desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo (en diante, *Convenio Marco*), cunha vixencia de dous anos; logo da autorización por parte do Consello da Xunta de Galicia da prórroga do convenio en canto á participación desta administración, a Comisión de Seguimento do referido *Convenio Marco* acordou o 27 de novembro de 2023 a súa prórroga para o período 2024-2025.





4.- Neste mesmo marco de colaboración, con data 23 de decembro de 2021, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e a empresa Naviera Mar de Ons, S.L., asinaron un novo convenio para a integración dos servizos de transporte marítimo do corredor Cangas-Vigo na área de transporte metropolitano de Vigo, cunha vixencia de dous anos a contar dende o 01/01/2022.

Acordada a prórroga do referido *Convenio Marco* por un período de dous anos, debe procederse á renovación do convenio asinado con data 23 de decembro de 2021 entre a Xunta de Galicia e a empresa Naviera Mar de Ons, S.L., para dar continuidade á previsión deste instrumento de colaboración de incorporación as previsións de bonificación tarifaria prevista no Convenio formalizado entre as administracións públicas que integran a ATM de Vigo aos servizos de transporte marítimos.

5.- Polo tanto, o presente Convenio de Colaboración constitúe un mecanismo axeitado para dar continuidade á integración dos servizos de transporte marítimo ofertados por Naviera Mar de Ons, S.L., entre os núcleos de Vigo e Cangas e viceversa, na Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

6.- O nivel de compensación que se establece para os anos 2024 e 2025 para o corredor Cangas-Vigo, toma de base o nivel de compensación establecido no Convenio de data 23 de decembro de 2021, que a súa vez supuxo unha continuidade respecto ao establecido no convenio asinado o 16 de abril de 2015. Este nivel de compensación incrementase nun 8,81%, considerablemente por debaixo do incremento experimentado polo Índice de Prezos de Consumo (IPC)¹ nos anos de referencia, polo que queda fixado en 2,132701 euros, IVE incluído.

Con base na información de demanda e porcentaxe de penetración segundo título de transporte, e baixo o compromiso das navieiras de Integración no Sistema de Axuda á Explotación (SAE), dispoñibilidade de barcos de retén e manter a oferta do pertinente corredor cun nivel mínimo de prestación

¹ Segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE), entre os anos 2016 a 2022, o IPC presenta un incremento do 16,16%



determinado, sobre ese nivel de compensación aplicaranse acumulativamente as seguintes porcentaxes:

- a) Integrarse no Sistema de Axuda á Explotación (SAE) realizando as adaptacións de hardware e software que resulten precisas: incremento dun 1% sobre o nivel de compensación. Esta integración farase nas condicións e prazos de determine a Dirección Xeral de Mobilidade congruentemente coa Resolución conxunta do 1 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Mobilidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), pola que se aproban as especificacións funcionais para a implantación de sistemas de axuda á explotación (SAE) en toda a frota adscrita aos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia. Este incremento so será aplicable desde a efectiva integración no SAE.
- b) Contar con polo menos un barco de retén que garanta a prestación de servizos en caso de avaría: incremento dun 1,5% sobre o nivel de compensación. Este compromiso supón para a empresa operadora adherida a obriga de restablecer o servizo no prazo máximo de media hora dende a súa interrupción.
- c) Prestar os servizos necesarios para que a oferta global existente no corredor, tendo en conta o total de empresas que nel operen en cada momento, manteña como mínimo os niveis de prestación que se recollen no anexo I: incremento dun 3% sobre o nivel de compensación. No caso de non ser esixible ese compromiso, non se aplicaría a bonificación.

Coa asunción destes compromisos por parte de Naviera Mar de Ons, S.L., o nivel de compensación acada o importe de 2,25€, IVE incluído.

7.- No *Convenio Marco* están previstas as estimacións económicas que deberán asumir as Administracións participantes para o financiamento do servizo. Estas estimacións están suxeitas a modificación contable por parte da Administración para adecualas á distribución de gasto real entre os contratistas integrados.

As actuacións previstas neste convenio, executaranse por parte da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con cargo á aplicación orzamentaria **08.02.512A.470.1**.

A Xefa do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte





Tania Álvarez Meda

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte
Antón García Ríó

Conforme:

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra (*documento asinado dixitalmente*)

